

EIXE 2 | A Recuperación como meta

INTERVENCIÓN PRECOZ EN PSICOSE

Entidade executante

Asociación DOA Saúde Mental (<http://www.asodoa.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Vigo

Persoas destinatarias

Persoas con idades comprendidas entre os 16 e los 25 anos que estean no período crítico de ata un máximo de 5 anos tras o inicio da psicose . No 2020 atendeuse a 10 persoas e realizáronse 1.223 intervencións.

Obxectivos

Xeral: Mellorar os síntomas do trastorno e recuperar a funcionalidade da persoa, promovendo activamente a recuperación das habilidades, da autonomía e dos roles sociais

Específicos:

Evitar o deterioro biolóxico, social e psicolóxico que, polo xeral se pode producir nos anos seguintes á aparición da sintomatoloxía prodrómica.

Apoiar á persoa ante as experiencias da psicose e ante o estigma.

Establecer un vínculo entre profesional e persoas atendidas, evitando intervencións intrusivas e promovendo o empoderamento.

Diminuír a comorbilidade que adoita estar presente en estas primeiras fases (abuso de substancias tóxicas, depresión, evitación social, ansiedade e estrés, entre outros).

Reducir as recaídas e os ingresos hospitalarios.

Mellorar as relacións interpersonais que poden ter sido un factor de risco e poden ter empeorado ao verse interrompidas tras o diagnóstico.

Acompañar tanto á persoa como ás familias no proceso tras o diagnóstico, seus síntomas e dificultades derivadas, así como a necesidade de implantar e seguir un tratamento.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

O programa consta das seguintes actividades:

- Atención Psicolóxica Individual.
- Atención Psicolóxica Grupal
- Estimulación/Rehabilitación Cognitiva. Dirixida ao mantemento das capacidades de procesamento de información, atención, memoria, funcionamento executivo e planificación.
- Psicoeducación e prevención de recaídas.
- Adestramento en habilidades sociais e comunicacionais.
- Terapia canina.
- Rehabilitación Psicomotriz
- Deporte, ocio e tempo libre